

MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ORDINARIA celebrada o trinta de xullo de dous mil catorce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

11/556 CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN PÚBLICA EN DIVERSAS RÚAS SAN FROILÁN 2014. APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, DO PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS DE ILUMINACIÓN FESTIVAS, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 21 de xullo de 2014 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

I. Prego de condicións técnicas de iluminación festivas redactado polo servizo electromecánico e industrial do Concello de agosto de 2006 que rexerán a contratación de referencia.

II. Informe proposta da Sección de Cultura do 27 de xuño de 2014 en relación coas características técnicas esixibles para a contratación de iluminación nas rúas durante o San Froilán 2014

III. Consignación orzamentaria realizada pola Tesourería Municipal, do día 18 de xullo de 2014 acreditativo da existencia de crédito na aplicación 33801.22699 do vixente orzamento.

IV.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán nesta contratación redactado por este Servizo o día 21 de xullo de 2014

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS



Código Seguro de verificación: oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	01/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 1/25



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 14x390110556

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-7-2014

Primeira. O presente contrato pode ser cualificado como un contrato mixto de subministración e instalación, recollido e regulado no artigo 12 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP) e que ten por obxecto a subministración e instalación da iluminación ornamental para diversas rúas da cidade durante as festas de San Froilán 2014 prorrogable para o San Froilán 2015. Non obstante, para a súa cualificación e aplicación das normas que o regulen atenderase ó carácter da prestación que teña mais importancia dende o punto de vista económico que neste caso é a subministración

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos 131 do TRLCSP e 67.6 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.


O procedemento de adxudicación elixido é o **aberto**, de acordo co previsto nos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP. No prego de cláusulas administrativas particulares determinanse os criterios de adxudicación, os cales respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade.

Terceira. O órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do TRLCSP é a Xunta de Goberno Local."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente (GMS); Ilma. Sra. DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (GMS); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilmo. Sr. DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Deportes (GMS); Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS), e o Ilmo. Sr. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá (GMS), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación da SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EN DIVERSAS RÚAS DA CIDADE DURANTE O SAN FROILÁN 2014.

Código Seguro de verificación:oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	01/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 2/25
			
oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==			

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e as condicións técnicas para a iluminación ornamental elaboradas polo Servizo Electromecánico, que rexerán na licitación de referencia, e que, remitidos polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, a continuación literalmente se transcriben:


A) "PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE ALUMEADO EN DIVERSAS RÚAS DA CIDADE DURANTE O SAN FROILÁN 2014"

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto deste contrato a subministración (aluguer) e instalación de alumeado ornamental en diversas rúas da cidade de Lugo durante o San Froilán 2014, segundo o disposto no prego de condicións técnicas de alumeados festivos elaborado polo Servizo Electromecánico e Industrial, así como no informe da sección de cultura, relativo ás localizacións das rúas e características mínimas do contrato que a continuación se indican:

Anexo I.

Uds. Mínimas	
1	Porta Bispo Odoario ou do Hospital
1	Porta Bispo Aguirre
1	Porta de San Pedro (inicio Camiño Santiago)
1	Porta da Estación
1	Porta de San Fernando
1	Porta Nova
1	Porta de Santiago (Camiño Santiago)
3	Porta Falsa, Porta Miñá e Porta do Cárcere
1	Rótulo " Recinto Feiral " Glorieta I. Pedrosa
1	Rótulo " Festas San Froilán " Avd. da Coruña
1	Rótulo " Festas San Froilán " Inmediacións Fonte dos Ranchos
1	Rótulo " Festas San Froilán " Na Ponte Vella-Calzada
1	Rótulo " Festas San Froilán " San Roque
1	Rótulo " Festas San Froilán " Rúa Carlos Azcárraga
1	Rótulo " Festas San Froilán " Ponte Romana-Calzada
1	Rótulo " SAN FROILÁN-2014 " Balconada da Casa Consistorial
8	Arcos Rúa Raíña
9	Arcos Rúa Bispo Aguirre
3	Arcos Rúa Xoán Montes
4	Arcos Rúa do Teatro
8	Arcos Rúa do Progreso
4	Arcos Rúa San Marcos
2	Arcos Rúa San Fernando

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	01/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 3/25
 oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==			

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 14x390110556


Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-7-2014

3	Arcos Rúa San Froilán
16	Arcos Rúas Montevideo e Bolaño Rivadeneira
3	Arcos Rúa Amor Meilán
8	Arcos Rúa Quiroga Ballesteros-Tenente Coronel Teijeiro
24	Arcos Ruanova
4	Arcos Rúa Bispo Basulto
3	Arcos Rúa Armanyá
4	Arcos Rúa da Cruz
4	Arcos Rúa Catedral
3	Arcos Rúa Bo Xesús (camiño Santiago)
2	Arcos Rúa do Miño
3	Arcos Rúa Conde Pallares
6	Arcos Rúa Dr. Castro
3	Arcos Rúa Nóreas
3	Arcos Rúa Dinán
2	Arcos Rúa Cidade de Vigo
2	Arcos Avd. Rodríguez Mourelo
2	Arcos Rúa Xeneral Tella
2	Arcos Avd. Doutor García Portela
3	Arcos Paseo Vila de Foz (Fronte Parque Rosalía de Castro)
3	Arcos Rúa Pascual Veiga
2	Arcos Rúa Vilalba
3	Arcos Rúa Clérigos
12	Arcos Rúa San Pedro (camiño Santiago)
6	Arcos Praza Maior (3 de delimitación do Camiño),
11	Arcos Praza Campo Castelo
4	Arcos Praza Ferrol
2	Arcos Praza do Campo
4	Arcos Praza Santo Domingo
2	Arcos Praza da Soidade
2	Arcos Rúa Salvador de Madariaga
3	Arcos Rúa Frei Plácido Rei Lemos
8	FOCOS de 400 w. para as Costas do Parque
8	FOCOS de 400 w. para o Bancal Intermedio do Parque
1	Arco Escalinata de Luis Pimentel (Camiño Santiago)
5	Arcos Carril das Flores (Camiño Santiago)
2	Arcos Recatelo
2	Arcos Comandante Manso
3	Arcos Montero Rios
1	Arco Soto Freire
2	Arcos Tinería

Total: 226 arcos e 16 focos nas Costas do Parque

CPV: 31500000-1 Material de iluminación e lámparas eléctricas

Código Seguro de verificación:oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	01/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 4/25
 oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==			

CNAE 2009 27.4 Fabricación de lámparas e aparatos eléctricos de iluminación

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Trátase dun contrato mixto de subministración e instalación, recollido e regulado no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) da e que ten por obxecto a subministración e instalación do alumeadado ornamental para diversas rúas da cidade. Non obstante, para a súa cualificación e aplicación das normas que o regulen atenderase ó carácter da prestación que teña mais importancia dende o punto de vista económico que neste caso é a subministración. Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos. Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. PRAZO DE EXECUCIÓN

O contrato terá unha duración do 4 ata o 12 de outubro de 2014.

A instalación das infraestructuras deberá realizarse con suficiente antelación para que poda estar en servizo o día 4 de outubro. A posta en servizo deberá estar en funcionamento do día 4 ó día 12 de outubro de 2014.


Antes da día da data fixada para o posto en funcionamento realizaranse as probas de funcionamento xeral.

O contrato poderá prorrogarse por acordo previo adoptado polo órgano de contratación cunha antelación mínima de dous meses ás Festas de San Froilan do 2015 e nas datas concretas que se indiquen polo responsable do contrato.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO



Código Seguro de verificación: oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	01/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 5/25
 oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==			

1.- O prezo de licitación para a primeira anualidade é de 22.915,25 euros mais o 21% de IVE (4.812,20 euros) poio que o presuposto do contrato é de 27.727,45 € (VINTE E SETE MIL SETECENTOS VINTESETE EUROS CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS), IVE incluído. Sobre este prezo de licitación realizarán os licitadores a súa oferta á baixa.

O valor estimado do contrato tendo en conta o prezo de licitación excluído o IVE así como a posible prórroga ascende a 45.830,50 euros

2.- Faise constar a existencia de consignación orzamentaria na aplicación 33801.22699 do orzamento xeral de 2014 por importe de 27.727,45 euros (RC 54496; C.P. 143380101)

De conformidade co artigo 174.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, o crédito correspondente á cobertura de obrigas que, de ser o caso, se devenguen no exercizo 2015 queda condicionado á adopción do compromiso de habilitación de crédito para os ditos orzamentos polo órgano competente.

3.- A tódolos efectos entenderase que nas ofertas e nos prezos ofertados se encontran incluídos tódolos gastos que a empresa debe realizar para o cumprimento das obrigas contratadas, como son os gastos xerais, financeiros, beneficios, seguro, transportes e desprazamentos, soldos do persoal ó seu cargo que leven a cabo a prestación dos servicios, taxas e toda clase de tributos, e en xeral, cantos gastos deba realizar a empresa para o cumprimento das obrigas contratadas.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

O presente contrato adxudicarase polo procedemento **aberto**, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.


Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 54 e seguintes do TRLCSP e conforme o establecido na cláusula seguinte destes pregos de cláusulas administrativas.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as UNIÓNS DE EMPRESARIOS que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que,

Código Seguro de verificación:oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	01/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 6/25
 oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==			

durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.

6.1 -A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercizos dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 A solvencia técnica **deberá** ser xustificada mediante a acreditación de experiencia na realización de administracións de características similares a este contrato (alumeado ornamental) por un importe mínimo de 75.000 euros IVE incluído en global nos derradeiros 3 anos.

A tal efecto presentarán unha relación asinada polo licitador e comprensiva dos suministros realizados, descripción de cada un dos contratos, destinatario, importe e data de realización. Xunto con esta relación achegarán certificado expedido ou visado polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público e cando o destinatario sexa un comprador privado mediante un certificado expedido por este, copia do contrato, informe da empresa contratante ou mediante a declaración do empresario de xeito que se permita comprobar o seu cumprimento.

SÉTIMA. GARANTÍAS.

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibise o requirimento a que se refire o artigo 151.2 do TRCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

Código Seguro de verificación: oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	01/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 7/25



As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, isto é:

- a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es/perfildocontratante).

O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.

As empresas presentarán a súa proposición en TRES sobres pechados, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, CIF/DNI, dirección, teléfono e fax para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras A, DOCUMENTACION ADMINISTRATIVA, letra B, PROPOSTA TÉCNICA (SUXEITA A CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR) e letra C OFERTA ECONÓMICA (SUXEITA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE)


Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA.

O sobre denominado A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

Código Seguro de verificación:oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	01/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 8/25
 oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==			

- 1.- Acreditativos da personalidade e capacidade do licitador, que serán:
- Se se trata de empresario individual (persoa física), copia autentica do DNI
 - Os restantes empresarios (persoas xurídicas):
 - Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito tose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable. Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.
 - Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da extensión das facultades do representante ou apoderado: Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o bastanteo do poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

O dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ó efecto con anterioridade ó remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas. A taxa por este bastanteo ascende a **10,20 euros** Para proceder ó pagamento da taxa deberán seguirse as *instrucións para pagamento de gastos derivados da participación nos procedementos de contratación* que están a disposición dos interesados no perfil do contratante da páxina web municipal


3.- Declaración responsable do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar así mesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste. (conforme o modelo do ANEXO II)

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Código Seguro de verificación:oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	01/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 9/25
 oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==			

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 14x390110556

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-7-2014

4.- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se retire o artigo 82.1 .a), d), g) e h) do Real Decreto legislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. Para a acreditación deste requisito deberá achegar unha declaración responsable conforme o modelo do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas.

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflecta a información a que se retiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que faculte o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha declaración responsable (conforme modelo ANEXO I) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación. A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.


5.- Acreditación da solvencia económica e financeira así como solvencia técnica e profesional polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional.

6.- No caso de que as propostas fosen presentadas **por estranxeiros**, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo 1 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

Código Seguro de verificación:oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	01/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 10/25
			
oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==			

Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga. Exceptúase deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio.

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 146.4 DO TRLCSP, OS LICITADORES PODERÁN SUSTITUIR A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN RELACIONADA ANTERIORMENTE (apartados 1 a 6) DENTRO DO SOBRE A UNICAMENTE POR UNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE INDICANDO QUE CUMPRE TODALAS CONDICIÓN S ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN CONFORME O MODELO DO ANEXO III DESTES PREGOS

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B e/ou no sobre C dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición.

O sobre denominado B – PROPOSTA TÉCNICA (RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR)

Dentro deste sobre B presentarán exclusivamente a documentación necesaria para proceder á valoración da súa oferta conforme os critérios de adjudicación avaliábles mediante xuízo de valor que se sinalan na cláusula décimo segunda (apartado 12.2).

En particular o licitador xuntará dentro deste sobre B:

- Un dossier fotográfico da instalacións ofertadas para a avaliación da orixinalidade e innovación dos elementos así como unha descripción das características técnicas.

Código Seguro de verificación:oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	01/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 11/25



A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre C dentro deste sobre B implicará automaticamente o rexeitamento da proposición.

Quedarán excluídos os licitadores que á vista da documentación do sobre B proporcione información que deba estar no sobre C (tanto da oferta económica como do número de arcos a maiores que oferte)

O sobre denominado C - OFERTA ECONÓMICA (RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE), conterá únicamente o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don/a _____, con domicilio en _____ e DNI nº _____ expedido o _____, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de _____, con DNI ou CIF nº _____), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a contratación da SUBMINISTRACION E INSTALACION DE ALUMEADO EN DIVERSAS RUAS DA CIDADE DURANTE O SAN FROILÁN 2014.

b) Que propón o seguinte prezo *

Prezo sen IVE: euros.

21% IVE:..... euros.

PREZO TOTAL: euros IVE incluído

c) Que oferta (indicar número) **arcos a maiores** do listado mínimo establecido no prego técnico coas características técnicas esixidas no prego de condicións técnicas. **

***Dentro deste SOBRE C a empresa deberá presentar o correspondente DESGLOSE cos prezos unitarios IVE incluído para cada tipo de elemento incluído os focos e para cada rúa**

A ausencia deste desglose implicará a exclusión do procedemento.

A suma dos prezos unitarios de cada elemento polo número de elementos en cada rúa non poderá superar o prezo total ofertado. En caso de contradicción procederase á exclusión do licitador.

**** Dentro deste sobre C incluírase un dossier coa descripción elementos (arcos) ofertados a maiores.**

d) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

e) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.


(Lugar, data e sinatura)

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓN.

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada polos membros da Comisión de Festas do Concello ademais do Interventor Xeral e o Xefe do Servizo de Contratación, polo que formarán parte dela os seguintes membros:

Código Seguro de verificación:oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	01/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 12/25


oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==

PRESIDENTE: Excmo. Sr Alcalde do Concello de Lugo.

VOCAIS:

- A Concelleira delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua.

-A Concelleira de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación

- O Concelleiro de DEportes

- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación

- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa

- A Xefa da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

- A Xefa da sección de Cultura do Concello.

SECRETARIO: O Xefe do Servizo de Contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto de apertura das propostas técnicas (sobre B) celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B e a proposta de puntuación obtida polos licitadores, convocarase a estes para o acto público de apertura de ofertas económicas (sobre C), tralo cal se producirá a valoración final e realización da proposta de adxudicación por parte da mesa de contratación.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Os **criterios para a valoración** das proposicións e a determinación da oferta economicamente mais vantaxosa serán os seguintes:

12.1) CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE:

- Oferta económica : Ata 6 puntos

Obterá a máxima puntuación (6 puntos) neste apartado a proposición do licitador que oferte o prezo para o ano 2014 mais baixo. Obterán 0 puntos as proposicións que oferten o prezo de licitación e o resto valoraranse de xeito proporcional.

Xunto coa oferta total do prezo e sobre o que se realizará a valoración , deberá achegar o desglose cos prezos unitarios para cada elemento de cada rúa.

Se por calquera motivo non se realizara a instalación de calquera elemento descontarase do prezo ofertado a cantidade que corresponda conforme o desglose presentado, sen perxuízo das posibles responsabilidades e penalidades que se deriven ,se fose o caso.

- Por melloras sen custo para o Concello consistente na ampliación da contía de elementos, motivos ou letreiros sobre o estipulado : Ata 2 puntos

Código Seguro de verificación:oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	01/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 13/25



A valoración deste apartado terá en conta o número de arcos ofertados a maiores sobre o listado mínimo do prego de condicións técnicas e coas mesmas características

Obterá a máxima puntuación (2 puntos) os que oferten maior número de arcos, 0 puntos os que non oferten arco algún e o resto de modo proporcional.

A ubicación dos arcos ofertados a maiores poderá ser nas mesmas rúas do prego ou noutras a elección do Concello.

12.2) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR

- Por orixinalidade no deseño e innovación dos elementos ofertados. Ata 2 puntos.

A valoración das ofertas e puntuación terá en conta o deseño máis orixinal e os elementos máis innovadores respecto ó esixido nas características técnicas.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que , dentro do prazo de dez días hábiles contados dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

De conformidade co artigo 146.4 do TRLCSP, o organo de contratación requirirá ó licitador seleccionado para que, con anterioridade á adopción da proposta de adxudicación e para o caso de que non se presentase a documentación sinalada nos apartados 1 a 6 da cláusula décima destes pregos dentro do sobre A, achegue a documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas para ser adxudicatario do contrato.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato

O órgano de contratación poderá renunciar á celebración do contrato así como desistir do procedemento de conformidade co establecido no artigo 139 da LCSP.

DÉCIMO CUARTA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera

Código Seguro de verificación:oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	01/08/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 14/25



registro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, Correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que se é o caso houberese esixido.

Antes da formalización do contrato a empresa adxudicataria deberá achegar xustificante de aboamento dos gastos de anuncios e do importe dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

Os traballos executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato (Técnica responsable da Sección de Cultura), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP.

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 228 do TRLCSP

5.- Os gastos que se deriven dos embalaxes, portes certificados etc... serán por conta do adxudicatario.


DÉCIMO SEXTA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato (300 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase así mesmo obrigado, se fose necesario, ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO SÉTIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.

Código Seguro de verificación: oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	01/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 15/25
 oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==			

O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

A)No suposto de que esta concertara un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

B) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presenta-la acta da súa constitución.

C)Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levarlos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.


O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

DÉCIMO OITAVA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente ó presente prego, ás condicións técnicas particulares e demais aspectos contractuais, así como o previsto na LCSP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Código Seguro de verificación:oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	01/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 16/25
 oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==			

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentárase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo por unha contía por sinistro, non inferior a 400.000 euros. Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sxiilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades que o obxecto da contratación.

DÉCIMO NOVENA. PAGAMENTO.

O pagamento efectuarase contra factura, unha vez efectuados os controis regulamentarios e conformadas pola Técnica responsable da Sección de Cultura, o Concelleiro delegado da Area de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e maila Concelleira delegada da Area de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.

VIXESIMA .- PENALIDADES

O contratista estará obrigado a cumprir o contrato conforme ás condicións establecidas no prego de prescricións técnicas así como ás condicións da súa oferta.

De conformidade co artigo 212 do TRLCSP o **incumprimento defectuoso** do contrato poderá dar lugar á imposición de penalidades cuio importe será do 1% do importe de adxudicación do contrato IVE incluído, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuio caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

As penalidades faranse efectivas mediante deducción das cantidades que deban aboarse ó contratista ou sobre a garantía definitiva cando non podan deducirse das facturas correspondentes.

VIXÉSIMO PRIMEIRA . EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 308, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións de execución do contrato establecido no prego de prescricións técnicas así como polo incumprimento das condicións da súa oferta.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

Código Seguro de verificación:oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	01/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 17/25



Ós efectos do artigo 223.f) do TRLCSP considéranse obrigas contractuais esenciais cuxo incumprimento dará lugar á resolución do contrato as sinaladas na cláusula décimo oitava destes pregos.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen prexuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e prexuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no artigo 310, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte 6 da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REGISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL

D./Dª co D.N.I. n.º, en nome propio ou en representación da empresa, inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACION E INSTALACION DE ALUMEADO EN DIVERSAS RUAS DA CIDADE DURANTE O SAN FROILÁN 2014**, declaro baixo a miña responsabilidade:

1º,- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.


Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

- 1
- 2
- 3

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data, manténdose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro.

Código Seguro de verificación:oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	01/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 18/25


oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==

2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.
 En _____, a _____ de _____ de 2014
 Asdo.:

**ANEXO II
 MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D/Dªco D.N.I. n.º, en nome propio ou en representación da empresa, en calidade de co obxecto de participar na **CONTRATACION DA SUBMINISTRACION E INSTALACION DE ALUMEADO EN DIVERSAS ROAS DA CIDADE DURANTE O SAN FROILÁN 2014** declaro baixo a miña responsabilidade:

Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para isto.

Así mesmo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se retiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.


Así mesmo autorizo ó órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

En _____, a _____ de _____ de 2014
 Asdo.:

ANEXO III



Código Seguro de verificación:oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	01/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 19/25
 oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==			

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO

*** Esta declaración dentro do sobre A substitúa a presentación da documentación administrativa sinalada nos apartados 1 a 6 da cláusula décima dos pregos de cláusulas administrativas particulares**

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., co obxecto de participar na contratación da SUBMINISTRACION E INSTALACION DE ALUMEADO EN DIVERSAS RUAS DA CIDADE DURANTE O SAN FROILÁN 2014 **declaro baixo a miña responsabilidade:**

Que o asintante desta declaración así como a compañía mercantil á que represento reúne tódolos requisitos legalmente establecidos para poder contratar co Concello de Lugo as obras de referencia, en particular os requisitos de capacidade e solvencia económica e técnica esixibles na Lei e no prego de cláusulas administrativas para poder ser adxudicatario do contrato de referencia.

Que o asintante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Asimismo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interés dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 dexuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.


En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

..... de..... de.....

Código Seguro de verificación:oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	01/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 20/25
 oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==			

(Lugar, data e sinatura do licitador)”

B) “PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS DE ILUMINACIÓN FESTIVAS INSTALACIÓN ELÉCTRICAS TEMPORAIS PARA ILUMINACIÓN FESTIVAS DE RÚAS, PRAZAS E ESPAZOS PÚBLICOS EN XERAL

ANTECEDENTES

A característica que define estas iluminación festivas é o seu carácter de provisionalidade. Esta circunstancia, en ocasións, propicia que por parte dos instaladores non se valore adecuadamente a importancia de revisar, previa e inmediatamente antes da súa colocación, o conxunto de materiais para utilizar, así como, que asuma o persoal de montaxe a necesidade de esmerarse no coidado da instalación e tendido destes; e todo iso, co fin de garantir a necesaria seguridade fronte ás persoas e ás cosas, a eficacia e funcionalidade requiridos.

Os condicionantes para estas instalacións veñen da súa consideración de iluminación ao exterior, potencialmente expostas a: choques mecánicos, auga, temperaturas extremas, po, etc.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- UNE-EN60598—2—20
- Regulamento electrotécnico para baixa tensión.
- Real decreto 842 / 2002, do 2 de agosto.
- Normas da compañía subministradora aprobadas pola Consellería de Industria.

ARTIGOS

Art. 1 Tensión de alimentación

A tensión de subministración non poderá exceder da normalizada 230/400 y.
A tensión de alimentación dos receptores será 230 v ou inferior.

Art. 2 Caixa xeral de protección

A orixe de cada instalación destinada á alimentación dunha ou varias arcadas, grilandas, receptores de iluminación, etc., estará nunha caixa xeral de protección. Este elemento deslinda as zonas de responsabilidade.

- Augas arriba, da compañía subministradora de enerxía.
- Augas abaixo, da persoa xurídica ou física que promove a instalación.

O punto de conexión será fixado pola compañía subministradora (Begasa), que xustificará convenientemente esta circunstancia.

Art. 3 Liña xeral de alimentación

A que discorre entre a caixa xeral de protección e no centro de protección, mando e medida.

Regúlaa ITC—BT—14

Código Seguro de verificación:oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	01/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 21/25



Será o máis curta posible.

Art. 4 Centro de protección mando e medida

Protexerá e gobernará cada un dos sectores en que está dividido o conxunto da instalación. Deste centro sairán todos os circuitos para alimentar as diferentes grilandas, arcos luminosos, etc., de cada sector. O seu envolvente terá un grao de protección mínimo 1P45-UNE 20324.

No Centro de protección, mando e medida, haberá espazo suficiente para colocar os seguintes dispositivos:

- Caixa precintable para colocación do interruptor de control de potencia ITC-BT- 17.

De acordo coa compañía subministradora, este interruptor poderá instalarse nunha caixa independente precintable.

- Mecanismos e aparellos de protección e mando: ITC — ST — 17

Interruptor diferencial) de corrente residual (30 mA) para protección de cada un dos circuitos.

Interruptor magnetotérmico (sobreintensidades e c/c).

Igualmente, para cada un dos circuitos.

Estes mecanismos terán dimensións adecuadas para as intensidades de cortocircuíto e intensidades de réxime de cada un dos circuitos.

A instalación de terra asociada terá unha resistencia máxima que virá dada por:

$R < 50$

la la = corrente diferencial

A lonxitude das canalizacións protexidas contra os contactos indirectos haberán de considerarse tendo en conta:

- O tipo de dispositivo de protección e o seu calibre
- Sección dos condutores activos e condutor neutro.

Art. 5. Condutores eléctricos

Serán cables flexibles UNE — 21150 para tensións de servizo 0,6 / 1 Kv. Non propagadores de incendio — UNE 21123 ao UNE 211002

A súa disposición sobre fachadas ou fiadores cumprirá:

- Grampado con soportes adecuados ás características do cable e abrazadeiras metálicas recubertas de material illante.
- Sobre fiadores cunha resistencia mecánica á rotura superior a 800 daN, con amarres adecuados e tensor.

Garantirase a protección mecánica do illamento dos condutores e destes mesmos fronte a toda acción física ou mecánica exterior.

Art. 6 Grilandas


Norma á que deberán axustarse: EN —60598—2—20.

As grilandas poderán estar construídas mediante:

- Lámpadas conectadas en serie (árbores de Nadal, por ex.)
- Lámpadas conectadas en paralelo.



Código Seguro de verificación:oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	01/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 22/25
 oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==			

As grilandas deben ter un grao de protección que asegure a súa estanquidade á chuvia, as proxeccións e os chorros de auga, ou ser estancas á inmersión. Deberán ter unha identificación coa tensión nominal e potencia nominal máxima. Os portalámpadas de rosca EDISON, E 14 e E 27, deben cumprir as especificacións da norma EN 60238. Os portalámpadas E 5 e E 10 e os similares de tipo "Presión", cumpriran coa norma EN 60238 e anexos. As conexións dos cables internos e externos dos compoñentes da grilanda deben asegurar un contacto eléctrico fiable ao longo do tempo de funcionamento ou instalación. As xuntas utilizadas para asegurar o grao de protección contra a entrada de po e humidade deben ser resistentes á intemperie. Os condutores, que serán para unha tensión de servizo de 0,6/1 Kv, terán unha sección mínima de 1,5 mm² (E 14, E 27, B 15, ö B 22). As grilandas non deben poñer baixo tensión nin á estrutura portante, nin aos adornos ou elementos decorativos utilizados con elas, en ningún suposto. Cada grilanda alimentarase desde unha caixa de derivación que disporá no seu interior dun seccionamento e protección individual.

Art. 7 Liña equipotencial de masas

É necesario prever unha liña que asegure a equipotencialidade de todos os elementos accesibles no ámbito deste tipo de instalacións, incluídos, naturalmente, os elementos metálicos ou condutores da electricidade das edificacións ou vivendas próximas á instalación e accesibles.

Art. 8 Resistencia dos materiais fronte á temperatura

- Os materiais eléctricos deben de poñer funcionar baixo unha temperatura ambiente de -20° C a 60° C.
- O grao de protección requirido tanto para construción ou instalación será mínimo IP —44.
- O grao de protección específico poderá ser verificado unha vez instalado.

Art. 9 Fío luminoso

Cumprirá coas seguintes condicións:

Marca ou selo do fabricante no cordón de PVC

Grao de protección IP — 54 clase II

Consumo máximo por m/l = 17 w

Lonxitude máxima por alimentación -44 m.

Resistencia á compresión — 40 Kp/cm²

Resistencia a temperatura exterior de -20°C a 60° C

As alimentación, dedais, illante de proteccións e conectadores serán encolables e axustados ás normas que lles son de aplicación.

Art. 10 Normas xerais

- Canalizacións estancas, utilizándose para terminais, empalmes e conexións delas, sistemas e dispositivos que presentan o grao de protección

Código Seguro de verificación: oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	01/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 23/25



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 14x390110556

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-7-2014

correspondente ás proxeccións de auga.

- Condutores flexibles illados de 1.000 V de tensión nominal, como mínimo, colocados sobre illadores ou condutores ríxidos illados de 100 V de tensión nominal, como mínimo, preferentemente baixo tubos protectores.
- Os condutores haberán de instalarse baixo tubo naqueles espazos que poidan ser accesibles.
- En caso de utilizarse tubos metálicos para aloxamento dos condutores, deberán estar protexidos contra a corrosión.
- Caixas de conexión con grao de protección correspondente ás proxeccións de auga e cubertas non metálicas.

Art. 11 Empresas instaladoras

As empresas instaladoras e subministradoras deberán achegar os seguintes certificados de materiais:

- De estanquidade (grao mínimo de protección IP54)
- De risco de incendio (UTE 12.201, 850 °C)
- De normativa UNE — EM
- Regulamento electrotécnico de baixa tensión (Real decreto 842/2002, do 2 de agosto) e instrucións complementarias (especialmente ITC-BT-34).
- Marcado CE

As decoracións serán de estrutura portante.

Art. 12 Bases e tomas de corrente

A colocación no interior dos cadros de mando, debidamente, instaladas, ou en cadros propios; terán o grao de protección IP45, mínimo.

Art. 13 Eficiencia enerxética

Terá prioridade o uso de equipos luminosos eficientes como:

- Lámpadas de baixa potencia: recoméndase o uso de lámpadas incandescentes de potencia inferior a 15 W, preferentemente de 5 W.
- Fío luminoso con microlámpada
- Fibra óptica
- Hologramas

Todo iso, a fin de limitar o resplandor luminoso nocturno.

Art. 14 Período de funcionamento


Deberá de establecerse tendo en conta evitar dispendios enerxéticos, é dicir, que a instalación funcione fóra do horario establecido como festivo.

Art. 15 Características da instalación

O contratista adxudicatario da instalación de iluminación festiva achegará en tempo suficiente e en debidas condicións un informe detallado da potencia e demais parámetros propios de cada un dos tipos de arcadas.

Igualmente, achegará, por cada rúa, praza, fachada, etc., un plano con detalle de

Código Seguro de verificación: oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	01/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 24/25
			
oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==			

todos os elementos da instalación con especificación da potencia por cada cadro de mando e as horas de funcionamento real.

Se a factura de consumos de BEGASA, enerxía consumida, non se correspondese coa potencia e horario de funcionamento achegada polo instalador, e isto supuxese un sobrecusto, a diferenza será aboada polo contratista.

Art. 16 Posta en servizo

A instalación, antes da súa posta en tensión, deberá de contar coas autorizacións de conexión e demais autorizacións administrativas.

Art. 17 Medida

En cada punto de acometida deberá de instalarse un equipo de medida electrónico multitarifa, programado para a tarifa máis conveniente aos intereses municipais. Ao colocar estes equipos de medida, non é necesario efectuar o pagamento da enerxía por adiantado á compañía subministradora.”

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 27.727,45 euros con cargo á aplicación 33801.22699 do vixente orzamento xeral.

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 138 e 157 e seguintes do TRLCSP

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a da Ilma. Sra. Dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cutura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Secretaria da Xunta de Goberno Local.

Código Seguro de verificación:oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	01/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==	PÁGINA 25/25



oyEazLn1rNUVc00sDVJzMA==